



# QUÉ É O PAT?

O plan de acción titorial (PAT) da nosa facultade quere ofrecerche unha **persoa de referencia** que te apoie e oriente no teu desenvolvemento académico, persoal e na adaptación ao contexto curricular e social universitario, desde o teu ingreso na Facultade até que finalices os teus estudos de grao. Con esta titoría universitaria queremos contribuír a formarte en múltiples vertentes: **académica, profesional, persoal, social e administrativa**. Esta titoría do PAT non se pode confundir coas titorías das materias que están centradas nos contidos académicos e as competencias que a materia debe desenvolver dentro do plan de estudos do título.

As túas persoas de referencia no PAT serán o/a coordinador/a de curso e o/a profesor/a titor/a. Cando queiras utilizar este servizo de titorización deberás acudir ao/á coordinador/a de curso quen recibirá as túas consultas e derivaraas, de ser o caso, cara ao/á profesor/a titor/a, ou ao persoal ou servizo, máis apropiado. A Universidade consta dunha serie de servizos que poden axudarche na túa traxectoria académica e no teu futuro profesional. Na web da Facultade [www.educacion.udc.es](http://www.educacion.udc.es) podes atopar moita información a través das seguintes preguntas.

Facultade de Ciencias da Educación  
Campus de Elviña  
15071 A Coruña

[www.educacion.udc.es](http://www.educacion.udc.es)

## ORIÉNTATE

- Coñeces a nosa universidade, os seus campus e como chegar a eles?
- Coñeces o **web da UDC**?
- Sabes como ir de.... a...?: consulta os itinerarios e os horarios dos autobuses.
- Sabes onde estamos?: a facultade e como chegar a ela.

## VIDA ACADÉMICA

- Tes xa a túa **tarxeta universitaria**? que sabes dela?
- Sabes que titulacións por rama de coñecemento podes cursar na UDC?
- Sabes que mestrados oficiais e posgraos podes elixir na UDC?  
Non esquezas visitar a UEP (Unidade de Estudos de Posgrao)
- Interésache o **doutoramento**?
- Coñeces os teus **dereitos**, deberes e as túas garantías xurídicas?
- Necesitas **orientación académica**?
- Queres saber o **calendario de exames**?
- Cales son os meus **horarios**?
- Onde podo atopar o **profesorado**, cal é a súa caixa de correo e a onde podo chamalo?
- Cal é o **horario de titorías** do profesorado?
- Queres coñecer a **reforma universitaria** e que é o Espazo Europeo de Ensino Superior?
- Queres ter unha **formación complementaria** en:
  - Idiomas
  - Informática
  - De apoio á aprendizaxe
- Ou queres asistir a cursos, xornadas, congresos, etc.?
- Non esquezas visitar a páxina do **Servizo de Normalización Lingüística** (recursos, información sobre actividades, a comisión de normalización lingüística do centro etc.)
- Queres coñecer as **bolsas** dispoñibles?
- Interésache a **mobilidade**? Infórmate sobre os programas de intercambio.

## VIDA SOCIAL E PROFESIONAL

Vive a universidade

- Queres coñecer as **asociacións de estudantes** que existen na nosa universidade?
- Necesitas información xuvenil (que facer a fin de semana, como ir ao estranxeiro a estudar idiomas ou facer prácticas, vivenda etc.)? Visita a páxina web da OSIX, a **Oficina de Servizos de Apoio á Xuventude**.
- Queres participar en **actividades culturais e/ou deportivas**?
- Queres participar en **actividades e iniciativas de cooperación**?
- **Preocúpache:**
  - A túa **inserción sociolaboral**?
  - O tránsito á **vida activa**?
  - As ofertas de **emprego**?
  - As bolsas de **formación en empresas**?

Visita o SAEE (Servizo de Apoio ao Emprendemento e ao Emprego ao Universitario)

## VIDA PERSOAL

- A Universidade dispón dalgúns servizos pensados para apoiar especificamente o estudantado. Coñécelos?
  - **Residencias e comedores** universitarios
  - **Aulas de estudo**
  - **Transporte universitario**
- Coñeces o **seguro Hac Luce**, o que cobre e como utilizalo?
- Sabes que podes usar a **tarxeta cidadá Millenium** para o pagamento dos servizos de autobús, bibliotecas e da ORA no Concello da Coruña?
- Mais, se precisas de apoio psicolóxico ou psicopedagóxico non dubides en consultar co Servizo de Orientación Educativa e Psicolóxica (SOEP)

## VIDA ADMINISTRATIVA

- Para te informares sobre temas de admisión, matrícula, validacións etc., visita a páxina web da facultade, pois nela has de atopar estas e outras informacións:
  - Normativa académica de **avaliación, de cualificacións e de reclamacións**.
  - Regulamento de **réxime interno**.
  - Regulamento sobre a **libre elección**.
  - Normativa de **validación e adaptacións**.
  - Regulamento de **avaliación por compensación** da UDC.

## FORMACIÓN EXTRACURRICULAR

Alén de todo isto, como parte do noso plan de acción tutorial, ofrecémosche as seguintes actividades de formación extracurricular:

- Cursos gratuítos de distinta duración, levados a cabo por profesorado experto, con posibilidade de recibir un certificado e impartidos na nosa facultade, que se adaptarán ás túas necesidades, xa que se organizarán en función das túas demandas.
- Mesas redondas e obradoiros con profesionais do teu campo, levados a cabo na nosa facultade, que se adaptarán as túas necesidades, xa que se organizarán en función das túas demandas.